

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

2695 *Real decreto 65/2010, do 29 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 637/2006, do 26 de maio, polo que se establece o Programa nacional de erradicación e control do fungo das coníferas «Fusarium circinatum» Nirenberg et O'Donnell.*

Existen determinadas especies de coníferas que se poden ver afectadas pola síndrome mortal denominada «pich canker», que é causada polo fungo fitopatóxeno «Fusarium circinatum» Nirenberg et O'Donnell, esta é a forma imperfecta (anamorfa ou asexual) e a súa forma perfecta (teleomorfa ou sexual) é «Giberella circinata» Nirenberg et O'Donnell. No ordenamento xurídico é común o uso da forma perfecta, pero dado que este fungo nunca se encontrou na natureza na forma perfecta, senón só en experimentos de laboratorio, considerouse conveniente, para evitar equívocos na aplicación de medidas, priorizar o nome da forma imperfecta na normativa nacional.

Sen prexuízo da súa directa aplicación, desde o momento mesmo da súa adopción, a Decisión 2007/433/CE, da Comisión, do 18 de xuño de 2007, sobre medidas provisionais de emerxencia para previr a introdución e propagación na Comunidade de «Giberella circinata» Nirenberg et O'Donnell, fai necesaria, por razóns de seguridade xurídica, a modificación do Real decreto 637/2006, do 26 de maio, polo que se establece o Programa nacional de erradicación e control do fungo «Fusarium circinatum» Nirenberg et O'Donnell.

No procedemento de elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xaneiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 637/2006, do 26 de maio, polo que se establece o Programa nacional de erradicación e control do fungo «Fusarium circinatum» Nirenberg et O'Donnell.*

O Real decreto 637/2006, do 26 de maio, polo que se establece o Programa nacional de erradicación e control do fungo «Fusarium circinatum» Nirenberg et O'Donnell, queda modificado como segue:

Un. O número 1 do artigo 5 queda redactado da seguinte forma:

«1. No caso de que se confirme a presenza dun foco inicial do organismo, xa sexa como consecuencia dos resultados das prospeccións ou da comunicación prevista no artigo 3, adoptaranse as seguintes medidas:

a) No caso de masas forestais, incluído o material de base para a produción de material forestal de reprodución:

1.º Delimitarase a extensión do foco ou zona infestada mediante a recolla e análise de mostras de árbores con síntomas e sen síntomas ata que non se detecten árbores afectadas e, en consecuencia, declararase contaminada a superficie correspondente.

2.º Procederase á eliminación do material sensible presente na dita zona afectada.

b) No caso do material forestal de reprodución, excepto o material de base recollido na letra a), delimitarase a zona infestada e declararanse probablemente contaminados os campos e instalacións en que se utilicen os mesmos medios de produción e procederase á eliminación de todo o material sensible afectado.

Respecto ás sementes, procederase á destrución inmediata do lote afectado. Os demais lotes, que formen parte do mesmo lugar de produción e teñan posibilidades de contaminación, declararanse probablemente contaminados e inmovilizaranse ata que a comunidade autónoma competente do lugar en que se achen decida expresamente o seu destino en función das investigacións que se realicen ao respecto.»

Dous. Engádesse una letra d) ao número 3 do artigo 6:

«d) Establecerase unha zona de seguridade ou tampón arredor de foco ou zona infestada dunha largura mínima de 1 quilómetro e nela efectuarase un seguimento intensivo nas épocas máis adecuadas. Na zona demarcada constituída polo foco detectado e na zona de seguridade serán de aplicación as medidas previstas na letra c) do número 1.»

Tres. O artigo 7 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 7. *Requisitos para a circulación de vexetais de especies sensibles.*

Os vexetais destinados a plantación, incluídas as sementes e piñas para propagación, das especies sensibles deberán cumprir o previsto ao respecto na Decisión 2007/433/CE, da Comisión, do 18 de xuño de 2007, sobre medidas provisionais de emerxencia para previr a introdución e propagación na Comunidade de «Giberella circinata» Niremberg et O'Donnell.»

Catro. O artigo 8 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 8. *Requisitos para a circulación de vexetais e produtos vexetais orixinarios das zonas demarcadas.*

As comunidades autónomas poderán establecer a excepción ao disposto no artigo 6.1.c).3.º respecto á prohibición de traslado desde as zonas demarcadas a zonas distintas destas de:

a) Madeira e produtos de primeira transformación desta, cando fose descascada completamente, sometida a un tratamento térmico adecuado, de forma que a temperatura central da madeira alcance un mínimo de 56 °C durante 30 minutos e vaia acompañada dun pasaporte fitosanitario, preparado e expedido de conformidade co artigo 7.1 do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e no da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, e o disposto na Orde do 17 de maio de 1993, pola que se establece a normalización dos pasaportes fitosanitarios destinados á circulación de determinados vexetais, produtos vexetais e outros obxectos dentro da Comunidade Europea, e pola que se establecen os procedementos para a expedición de tales pasaportes e as condicións e procedementos para a súa substitución.

Cando as instalacións onde se poidan realizar estes labores non existan no interior da zona demarcada ou se supere a súa capacidade de tratamento, poderase permitir o desprazamento, baixo control oficial, do dito material ata un punto de tratamento onde realízalos, adoptando as precaucións necesarias para evitar a diseminación do fungo e os seus vectores.

No caso de que as instalacións de tratamento se encontren noutra comunidade autónoma comunicaráselles ás autoridades desta o destino e toda a información relativa ao envío en cuestión para que se poidan efectuar os controis necesarios.

As instalacións de tratamento deberán estar autorizadas para esta actividade e inscritas nun rexistro oficial establecido ao respecto.

b) Vexetais probablemente contaminados, cando se cumpra o disposto ao respecto na letra c) da sección II do anexo I da Decisión 2007/433/CE da Comisión do 18 de xuño de 2007.»

Cinco. O anexo I queda redactado da seguinte forma:

«ANEXO I

Coníferas sensibles a «*Fusarium circinatum*» Nirenberg et O'Donnell

Pinus spp.
Pseudotsuga menziesii»

Seis. O anexo II queda sen contido.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de xaneiro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA